

Lémbroche en cores

Obradoiro de arteterapia e dó


FADEMGA

 **Plena**
inclusión
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Programa de saúde mental e
envellecemento activo
a cargo do IRPF



En moitos momentos da nosa vida pasamos por procesos de dó e non sempre é fácil comunicar o que se sente tras un perda. O mesmo lles ocorre ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

A arteterapia proporciona unha vía de expresión das emocións.

As cores, as texturas, dirixen as emocións, organizan os recordos e ofrecen significado ao vivido.

Lémbroche en cores, consiste na realización dun obradoiro no que se abordan cuestións referidas ao dó a través de medios artísticos.

Este obradoiro está dirixido a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (un grupo de 10-15 persoas máximo).

Ten unha duración estimada de dúas horas, nas que se realizan traballos artísticos e conversas sobre eles, o que permite verbalizar e compartir experiencias e vivenzas que lle dan á persoa protagonismo e recoñecemento.

Este obradoiro está dinamizado por Lucía González Vicente; directora de ocio e tempo libre, arteterapeuta, fundadora e presidenta da Fundación Eomaia, con formación da Fundación Vivir un buen morir: "Vivir un buen morir y el arte de acompañar".

